

**SOLICITUDE DE AER PARA A COMPARECENCIA DA CONCELEIRA DE SERVIZOS SOCIAIS SOBRE  
CRITERIOS DE EXECUCIÓN E PRIORIDADES APLICADAS**

PLENO 18 DECEMBRO 2014. ACTA 18/2014

**Despois de analizar o informe da intervención do terceiro trimestre, solicitamos a comparecencia da concelleira de Servizos Sociais, Ensino e Muller para que explique os criterios de execución que segue e as prioridades aplicadas.**

*A concelleira PARIS BLANCO di que o traballo da concellería reflíctese no orzamento.*

*O concelleiro BLANCO PÉREZ di que o nivel de execución, ao redor do 30% é baixo con respecto a outros sectores, como deportes, alcaldía ou outros servizos. Refírese tamén aos convenios con diversos colectivos usuarios dos servizos sociais.*

*A concelleira PARIS BLANCO di que nun 90% as partidas de servizos sociais están executadas aparte dos convenios que se están abonando agora. Di que as partidas de servizos sociais conteñen previsións e que o gasto destes servizos vai en función das necesidades, non ten que ver con outro tipo de gastos.*